



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E O CONCELLO DE FERROL PARA A CONSTRUCCIÓN DO PARQUE CANINO DE CATABOIS NO CONCELLO DE FERROL

1.- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en adiante CMACC) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme ao establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e o Decreto 42/2024 do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 137/2024, de 20 de maio, polo que establece a estrutura orgánica da CMACC.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a aplicación de medidas de protección e benestar dos animais de compañía tal e como define a lei 4/2017 de 3 outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

### 2- Antecedentes

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN, en adiante) de acordo co artigo 13 do Decreto 137/2024 do 20 de maio, exerce entre as súas atribucións e competencias, a elaboración de normativa e aplicación de medidas de protección e benestar dos animais de compañía.

Os parques caninos nas cidades son considerados infraestruturas que contribúen á mellora do benestar dos animais, facilitando aos seus propietarios lugares onde posibilitar o cumprimento das obrigas que a normativa establece e facilitarlles o necesario exercicio físico e descanso de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas de especie.

A Xunta de Galicia adopta a medida de crear en colaboración cos concellos parques caninos nas sete grandes cidades galegas.

O Consello da Xunta na súa reunión do día 24 de marzo de 2025 tomou razón da construción dun parque canino en Ferrol para o fomento do benestar animal.

O Concello de Ferrol manifestou o seu interese na colaboración da creación dun parque canino na súa cidade e por tal motivo asino coa CMACC o día 12 de abril do ano en curso un protocolo de colaboración para o fomento do benestar animal.

Dito protocolo ten por obxecto definir o marco xeral de colaboración entre CMACC e o Concello de Ferrol para a futura construción dun parque canino no seu concello.

A DXPN encargou ao arquitecto colegiado Pedro Pablo Ríos Sánchez a redacción do



proyecto básico e de execución para a construción do dito parque canino de Catabois-Ferrol que foi entregado a DXPN o día 15 de abril de 2025.

### 3.- Finalidade

Para os efectos sinalados tense previsto formalizar co Concello de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia comprendido entre a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de dous anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia.

### 4- Obxecto

O Convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre CMACC e o Concello de Ferrol, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras dun parque canino na parcela 507 do polígono 134 de Catabois no concello de Ferrol.

### 5- Fundamentos

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A CMACC a través da DXPN de acordo co artigo 13 do Decreto 137/2024 do 20 de maio, exerce entre as súas atribucións e competencias, a elaboración de normativa e aplicación de medidas de protección e benestar dos animais de compañía tal e como define a lei 4/2017 de 3 outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

A Xunta de Galicia adopta a medida de crear en colaboración cos concellos parques caninos nas sete grandes cidades galegas.

Existe o interese mutuo das partes que subscriben este convenio de realizar actividades que contribúan á mellora do benestar dos animais facilitando aos seus propietarios lugares onde posibilitar o cumprimento das obrigas que a normativa establece e facilitarlles o necesario exercicio físico e descanso de acordo ás súas necesidades

As condicións ás que debe axustarse a execución deste convenio entre a Consellería e a devandita corporación local para a realización de obras cuxa titularidade corresponde a esta última e que terán por destino o uso ou servizo público, veñen reguladas polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo.

Para articular esta acción o concello de Ferrol comprométese a poñer a disposición da CMACC, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras das actuacións previstas. O Concello como trámite





previo á construción da obra aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos.

6- Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

(documento asinado dixitalmente)

A directora xeral de Patrimonio Natural

Marisol Díaz Mouteira

